

ORDENANZA NUM. 401**PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS****ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO**

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, este Concello establece os Prezos Públicos polo Servizo de Organización de Espectáculos.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Serán obrigados ó pagamento destes prezos públicos os asistentes ós espectáculos.

ARTIGO 3º. CONTÍA

En todos os espectáculos organizados polo Concello os prezos públicos deberán cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada. No caso de que a actividade a desenvolver non figure regulada o prezo fixarase a través de Decreto da Alcaldía.

ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

Satisfaranse os prezos públicos regulados nesta ordenanza no momento de retirar os tickets de entrada ós espectáculos.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2007, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa³⁴.

³⁴ O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 27 de decembro de 2006, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2007 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 298 do 30/12/2006).